



Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Nº 31

## **ORDENANZA REGULADORA DE PLANTACIÓNS FORESTAIS, DEPÓSITOS, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE TALA.**

### **INTRODUCCIÓN-**

Redáctase a presente ordenanza nun momento no que, sobre todo por razóns de abandono de actividade gandeira, os terreos adicados maiormente a produción forraxeira, estánse dedicando as plantacións forestais, o que en ocasións provoca tensións e problemas entre veciños. Coa finalidade de racionalizar este tipo de explotacións madeireiras, e para garantir axeitadamente os dereitos dos titulares de solo dedicado a outro tipo de actividades dentro do termo municipal de Boqueixón, tales como as agrícolas ou gandeiras, así como para ordenar racionalmente o espazo e respetar o medio natural, ademais de reducir a incidencia dos incendios forestais; faise necesario regular a realización das plantacións de especies forestais no noso municipio.

Por outra parte, a superficie ocupada por plantacións do xénero eucaliptos continúa incrementándose nos últimos tempos con evidente incidencia sobre a paisaxe e os valores naturais, aínda estando vixente o Decreto 81/89 da Xunta de Galicia, de medidas de ordenación das novas plantacións forestais con eucaliptos.

A Lei de protección ambiental de Galicia contén entre os seus principios o da utilización racional e de defensa dos recursos naturais e da paisaxe (artigo 2, punto C) e os concellos teñen entre as súas competencias as de protección do medio ambiente, segundo se recolle no artigo 25 da Lei reguladora das bases de réxime local, podendo realizar actividades complementarias propias doutras Administracións públicas (art.28 da mesma lei). A mellora ambiental, incluíndo a redución de incendios forestais e a prevención dos seus danos sobre as persoas e as súas vivendas, así como a necesidade de garantir axeitadamente os dereitos de titulares doutras actividades sociais e económicas, nomeadamente as agrícolas e gandeiras, fan necesaria a regulación das repoboacións forestais.

Polo tanto, de conformidade co establecido no artigo 591 do Código Civil e Decreto 2661/1967, do 19 de outubro (BOE, do 4/11/1967), e de acordo cos artigos 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e artigos 46 e 47 do Regulamento das facendas locais e a aplicación das facultades conferidas, establécese a presente ordenanza de carácter non fiscal reguladora de diversos aspectos de xestión forestal que afectan ó medio ambiente, á convivencia veciñal e a bens municipais (vías públicas e outros), sendo o seu ámbito territorial o termo municipal.

### **I.- OBXECTO, DEFINICIÓN E ÁMBITO-**

ARTIGO 1-. É obxecto desta ordenanza a regulación de plantacións forestais que se fagan con posterioridade a entrada en vigor da mesma.

1.1-Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase como actividade forestal, aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vegetan especies arbóreas, sexan de nacemento espontáneo, semente ou plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola ou fosen obxecto do mesmo.

1.2-O ámbito de aplicación desta ordenanza comprende os terreos clasificados como solo non urbanizable de protección forestal polas vixentes Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento. Comprende ademais o solo clasificado como non urbanizable de protección de cauces, protección dos espazos naturais e o solo apto para urbanizar, naqueles lugares onde exista masa forestal . O solo urbano, o solo de núcleo rural e o solo apto para urbanizar onde non existan masas forestais, quedan fora do ámbito de aplicación desta ordenanza, quedando ademais prohibido o propio uso forestal nestas clases de solo.

## **II-. REPOBOACIÓNS FORESTAIS-.**

XENERALIDADES:

ARTIGO 2-. Con carácter básico, a actividade forestal quedará suxeita ó cumprimento de legislación sectorial en materia de montes, medio ambiente, estradas, augas, patrimonio ou calquera outra que afecte ás actividades aquí reguladas.

As árbores frutais, quedan exceptuadas da aplicación desta ordenanza.

Non terán consideración de plantacións os cerramentos vexetais, que cando non sexan medianeiros deberán cumprir o establecido no art. 591 do Código Civil .

ARTIGO 3-. DISTANCIAS MÍNIMAS-.

3.1 Con carácter xeral as repoboacións forestais situaríanse segundo as diferentes especies.

As distancias mínimas que se establecen na presente ordenanza, son as seguintes:

- A. 10 metros respecto de terreos rústicos de protección agropecuaria para todo tipo de especies arbóreas.
- B. 50 metros respecto das vivendas , instalacións preexistentes, bordes de solos de núcleo rural , solos urbáns e urbanizables, para especies arbóreas de crecemento rápido.
- C. 25 metros respecto das vivendas , instalacións preexistentes, bordes de solos de núcleo rural , solos urbáns e urbanizables e 50 metros das industrias e instalacións perigosas para especies arbóreas que non sexan de crecemento rápido.
- D. 3 metros respecto das vías públicas municipais, na que por vías públicas enténdense as de titularidade municipal, pavimentadas ou non, sendo a distancia a elas medida dende a arista exterior da súa explanación.
- E. 25 metros ( eucaliptos ) e 10 metros (demais especies arbóreas ) respecto das fontes e mananciais.
- F. 25 metros (eucaliptos) , 8 metros ( piñeiros e outras coníferas ) e 6 metros ( demais especies arbóreas ) respecto dos cursos fluviais.

- G. 50 metros respecto de gasolineras, industrias pirotécnicas, industrias de materiais inflamables e similares situados a menos de 100 metros dunha zona de monte.

3.2.- Para os efectos desta ordenanza non se considera rota a colindancia entre as plantacións forestais e as fincas de labor, prados, edificios, vivendas ou cursos de auga, aínda que existan entre eles vías públicas ou espazos abertos, debéndose respetar as distancias sinaladas no artigo anterior.

3.3.-As plantacións forestais existentes á entrada en vigor da presente ordenanza que se atopan a unha distancia inferior ás anteriormente citadas disporán dun período de cinco anos para adaptarse á mesma, salvo nos casos de plantacións forestais existentes nas zonas verdes, nas zonas zonas verdes previstas no planeamento e nos espazos libres.

Se a repoboación forestal se fixo ao abeiro de axudas públicas que condicionan a permanencia das plantacións por un período superior ós cinco anos, deberán os beneficiarios solicitar da Dirección Xeral competente en materia de montes autorización para proceder a corta dos exemplares que incumplan as distancias fixadas na presente ordenanza.

3.4- Os concesionarios de gasolineras, propietarios de industrias pirotécnicas , de almacéns de materiais inflamables e similares situados a menos de 100 metros dunha zona de monte dispoñen dun prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta ordenanza para limpar de vexetación a franxa indicada no punto 3.1.G.

#### ARTIGO 4-. PROHIBICIÓNS EN MATERIA DE REPOBOACIÓN FORESTAL-.

Establécense as seguintes prohibicións en materia de repoboación forestal:

- a) En solo urbano , en solo de núcleo rural e o urbanizable.
- b) En zonas adicadas a labradío, cultivo, prado ou pasto.
- c) Prohibese a repoboación forestal con acacia melanoxylum e con acacia dealbata.

#### ARTIGO 5-. OBRIGAS DOS PROPIETARIOS.

5.1. Os propietarios están obrigados a manter limpas da maleza, restos e xérmolos de árbores, as franxas de terreo resultantes das distancias mínimas indicadas no artigo 3.1.

5.2. Os propietarios están asimesmo obrigados a manter en todo momento limpas as repoboacións forestais.

#### ARTIGO 6-. OBRIGATORIEDADE DE COMUNICACIÓN.

Con carácter xeral e co fin de garantir o efectivo cumprimento desta ordenanza, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa a plantación de superficies forestais, na dita comunicación identificarase o propietario e a finca de plantación así como a especie e a densidade.

#### ARTIGO 7-. CORTA DE PLANTACIÓNS-.

7.1 Para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da corta de plantacións forestais, cando superen as 20 toneladas Tm. A comunicación da corta será efectuada pola persoa física ou xurídica responsable desta debendo constar na mesma o seguinte:

Identificación do propietario e madeireiro. Especie de madeira obxecto de tala, así como as toneladas (tma) a extraer. Identificación da parcela afectada e a súa situación no plano da normativa urbanística. Lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira.

7.2 A persoa ou empresa encargada da tala será responsable directa dos danos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado a reparación destes, incluso con limpeza e retirada de residuos. En todo caso estarán suxeitos ó disposto no Título III da presente ordenanza.

### **III-. REGULACIÓN DE DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE TALA-.**

ARTIGO 8-. O presente capítulo regula, en xeral, as tarefas de extracción da madeira, en particular a realización de operacións de depósito, carga e transporte en vehículos con peso máximo autorizado superior a 5 Tm. de madeira procedente da tala.

8.1 A realización das actividades descritas no artigo anterior dentro do territorio do Concello de Boqueixón estará sometido a licenza.

8.2 A licenza terá carácter anual, e deberá ser renovada antes de que remate o período de vixencia.

8.3 As persoas físicas ou xurídicas que realicen tal actividade deberán inscribirse nun rexistro establecido a tal efecto, no que se fará constar, como mínimo, a identificación do titular da explotación, a razón social, o N.I.F., e os vehículos adscritos a actividade, con indicación da marca, modelo, características do carrozado, matrícula e peso máximo autorizado.

8.3.1 No caso de que nas operacións de transporte intervenían vehículos de empresas distintas a que se encarga da tala estará obrigados a inscribilos no rexistro e subrogalos a súa fianza, ou ben a que deposite a propia empresa de transporte.

8.4 Independentemente da taxa que se fixe por tramitación da licenza correspondente na ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, os beneficiarios da licenza deberán presentar xustificantes de ter presentada fianza, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes que se indican no apartado seguinte, para responder do amaño dos deterioros que pudieran producir nos viais, e a limpeza dos restos das operacións de carga e depósito da madeira.

8.4.1 Establécense dúas categorías a efectos de fijación das fianzas;

a) Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 Tm, 1.600,00 Euros.

b) Vehículos con peso máximo autorizado maior ou igual a 16 Tm, 3.100,00 Euros.

7.5 Sen prexuízo do cumprimento do establecido na lexislación urbanística, na de Medio Ambiente Forestal, no Código de Circulación, e demais lexislacións, normas

e/ou ordenanzas que poidan ser de aplicación o posuidor dunha licenza para depósito, carga e transporte de madeira estará obrigado a reparación inmediata dos deterioros producidos nos viais, ou nas infraestructuras anexas, así como a retirada dos restos procedentes das operacións de carga e almacenamento. Prohíbese o almacenamento de madeira nas vías públicas.

8.5.1 Os depósitos de rolla, ramas ou podalla non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, tajeas, canalización, pontes ou calquera outra infraestructura auxiliar ou anexa ós viais, nin supoñer risco para os usuarios da vía.

8.5.2 Prohíbese o vertido dos residuos procedentes das operacións reguladas na presente ordenanza en lugares non autorizados expresamente para elo, aplicándose, no caso de incumprimento, o previsto na ordenanza xeral de limpeza do Concello de Boqueixón.

ARTIGO 9-. Transcorrido un prazo de sete días desde que se produciran os danos, a infracción ou a acumulación de restos, o concello poderá realizar con cargo a fianza as operacións de amaño, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda, e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos costes, se non foran totalmente cubertos pola fianza.

ARTIGO 10-. No caso de incumprimento dos preceptos contidos no presente capítulo, o Concello poderá sancionar ós responsables con multas con importe equivalente a unha falta leve.

ARTIGO 11-. O exercicio das actividades descritas no presente capítulo, sen posuír a correspondente licenza, estará considerado como falta grave, e será de aplicación a sanción máxima, sen prexuízo da inmovilización inmediata do vehículo pola Policía Municipal ata a conclusión do expediente, ou a presentación de fianza polas cantidades máximas que poideran derivarse da súa instrución.

ARTIGO 12-. En todo caso, o incumprimento reiterado ou a falla de pago das cantidades endebedadas en concepto dos preceptos establecidos, unha vez exista resolución firme suporá a anulación da licenza e, polo tanto, a baixa automática de tódolos vehículos amparados por ela no rexistro, e con elo o decaemento de tódolos dereitos derivados e polo tanto a prohibición do exercicio das actividades regulamentadas na ordenanza no ámbito do territorio do Concello de Boqueixón.

ARTIGO 13-. Non se concederá nova licenza, renovación, nin novas anotacións no rexistro de vehículos as persoas físicas ou xurídicas incursas en causa de anulación ou que manteñan débedas derivadas de expediente de tramitación ou sanción, aberto en cumprimento dos preceptos da presente ordenanza ata a conclusión do expediente ou a liquidación dos importes pendentes.

ARTIGO 14-. A anulación da licenza implicaría a non concesión de nova licenza durante un período mínimo dun ano a contar desde a data na que exista resolución firme.

ARTIGO 15-. Unha segunda anulación da licenza suporá a non concesión de renovación ou nova licenza da actividade a persoa física ou xurídica titular da mesma.

#### **IV-. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS-.**

ARTIGO 16-. Para os efectos da presente ordenanza, será infracción administrativa ou incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ó seu abeiro.

16.1 Con carácter xeral, calquera incumprimento do contido da presente ordenanza considérase como infracción de carácter leve.

Considérase infracción grave cando a valoración económica do volume de madeira afectada supere os 6.000 euros, así como a reincidencia en dúas infraccións leves. Entenderáse que existe reincidencia cando se cometan dúas faltas leves no prazo dun ano, contado desde a data na que adquiriu firmeza a resolución sancionadora.

16.2 As infraccións a presente ordenanza serán sancionadas do seguinte xeito:

- \* As leves, con multa de ata 750,00 euros.
- \* As graves, con multa de 750,01 euros a 1.500,00 euros.

En todo caso, e de xeito adicional, imponse as seguintes sancións:

- \* 2 euros por cada árbore situada a menos distancia da preceptiva, con obrigação da súa retirada e da reposición do terreo ó seu estado primitivo.
- \* 3 euros por Tm. de madeira cortada e transportada sen comunicación previa.

16.3 Para a gradación das multas atenderáse a súa repercusión, a súa transcendencia polo que respecta ó prexuízo causado, o ánimo de lucro é a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.

16.4 O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requerirá a incoación e instrucción do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e o Real Decreto 1398/1983, de catro de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

ARTIGO 17-. Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e resolto o expediente sancionador, requerirase ó responsable da infracción para que se axuste a normativa, outorgándolle un prazo máximo dun mes. Trascorrido o dito prazo sen que se dea cumprimento ó requirimento, sen necesidade de novas notificacións procederáse á execución subsidiaria deste, cargándolle as costas a persoa responsable.

## **V-. DISPOSICIÓN FINAL-.**

A presente Ordenanza estará en vigor unha vez publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia.